

ACTA Nº 62 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia de acordo co artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. O medio electrónico a través do que terá lugar a sesión será Teams e esta será gravada.

DATA: 14 de novembro de 2025

HORA INICIO: 9:30 h.

HORA FIN: 9:45 h.

ASISTENTES:

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)
Brao Viña, Ana Mª (Responsable da Xestión de Centro)
Campos Magdaleno, María (PDI)
Dosil Díaz, Carlos (PDI)
Gómez Gómez, Mª Carmen (PDI)
López Castro, Leticia (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Romero Castro, Mª José (PDI)
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

DESCULPAN ASISTENCIA:

Souto Seijo, Alba María (PDI)

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da resposta ás alegacións presentadas polo Departamento de Pedagogía e Didáctica, e decisións a tomar (achégase alegación e resposta razoada).

A presidenta da comisión, Carmen Sarceda, cede a palabra á vicedecana Paula López quen informa da situación. A profesora López indica que, nunha comisión anterior, se aprobaron as declaracións de intencións dos diferentes títulos, nas que se explicitaban todas as mencións activas. Houbo un período de alegacións, e neste período presentouse unha alegación dun membro do departamento de Pedagogía e Didáctica sobre unha mención que non está activa, indicando que se nun futuro se puidera implantar debería estar recollida na declaración de intencións. En resposta a esta alegación, a Facultade de Ciencias da Educación fixo un informe razoado no que se recollen dúas ideas: 1) as mencións que non están activas non se recollen nas declaracións de intencións (recomendación do SXOPRA cando se lle consultou a cuestión); e 2) hai en marcha unha acción de mellora de obrigado cumprimento, suxerida polos avaliadores externos na acreditación dos títulos, que indica que hai que eliminar as mencións que non se imparten.

Despois de debater estas ideas na Comisión Intercentros, xurdiron dúas posturas. Unha delas apoiaba aprobar o informe realizado, e a outra, indicaba que se podían engadir todas as mencións (activas e non activas) na declaración de intencións, por se nalgún momento se puideran activar, e borralas se non se podía.

Despois de propoñerse algunhas solucións de consenso, comprobouse que os prazos non permitían facer modificacións nas declaracións de intencións, polo que decidiuse incluír no informe final razoado a posibilidade de que se as mencións se activasen se axustarían, para seren impartidas, ao Real Decreto 822/2021.

Despois desta exposición por parte da vicedecana e sen intervencións do resto de membros da comisión, apróbase por asentimento o informe final razoado ás alegacións presentadas polo Departamento de Pedagogía e Didáctica.

O acordo a tomar é enviar á facultade de Ciencias da Educación un certificado desta aprobación, para que o envíe ao SXOPRA e continuar coa tramitación das declaracións de intencións.

Sen mais intervencións, a presidenta da comisión agradece a presenza de todos os membros e da por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace da Presidenta

Virginia Aznar Cuadrado

M. Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: VIRGINIA AZNAR CUADRADO,
SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 19/01/2026 14:17:31.

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO,
DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 19/01/2026 14:26:54.

CSV: 66C9-D227-43A8-9AF9